

**PROPOSTA PARA O  
CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO  
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO A  
CEIP DA ALMÁCIGA**



**ANPA DO CEIP APÓSTOLO SANTIAGO**



## Consideración xeral e obxecto do informe

O presente informe desenvolve unha fundamentación para apoiar a proposta de cambio de denominación do actual CEIP Apóstolo Santiago a **CEIP da Almáciga**. O documento responde á necesidade de dotar o centro dunha identidade educativa acorde coa súa realidade territorial, cultural e social, e presenta argumentos históricos, xeográficos, sociolóxicos, pedagóxicos e identitarios que sustentan a proposta.

# 1. Marco conceptual: a importancia simbólica e identitaria da denominación educativa

A literatura especializada en socioloxía educativa e identidade institucional (Albert & Whetten, 1985; Bourdieu, 1991; Fullan, 2016) recoñece que os nomes das institucións forman parte do seu capital simbólico e condicionan a percepción, proxección e identificación colectiva. A denominación dun centro educativo non é un elemento decorativo, senón un **signo identitario**, un instrumento de cohesión comunitaria e un recurso pedagóxico.

Unha denominación adecuada:

- Fortalece o sentido de pertenza do alumnado e das familias.
- Xera un relato compartido e significativo.
- Contribúe ao posicionamento social da institución.
- Actúa como ferramenta educativa e cultural.

Nun contexto de renovación constante dos modelos educativos e de procura de referentes que expresen inclusión, diversidade e identidade local, o nome **CEIP da Almáciga** representa unha boa oportunidade para visibilizar o compromiso do centro coa súa contorna.

## 2. Proceso participativo e lexitimidade democrática da proposta

Durante o curso 2024–2025 abriuse un proceso de reflexión participativa impulsado pola ANPA, co obxectivo de avaliar a adecuación da actual denominación do centro e explorar alternativas que reforzasen a identidade educativa.

### Accións desenvolvidas

- Detección da demanda maioritaria de cambio de denominación do centro.
- Recollida de propostas de nomes con xustificación histórica/pedagóxica.
- Exposición e análise colectiva das opcións presentadas.
- Celebración dunha **assemblea extraordinaria o 19 de marzo de 2025**, cunha participación de **39 persoas**, o maior índice de participación rexistrado en procesos previos.

Tras un longo proceso participativo, a **ANPA acordou, na assemblea** do 11 de novembro do 2025, **presentar como denominación final CEIP da Almáciga**.

Este informe acompañou esa proposta formal e solicitou o apoio do Consello Escolar como reflexo do sentir colectivo da comunidade educativa. O **Consello Escolar**, celebrado o día **4 de decembro do 2025**, decidiu por **unanimidade** a votación a favor do cambio de denominación por CEIP da Almáciga.




### 3. Fundamentación histórica, xeográfica e patrimonial: O topónimo Almáciga

#### 3.1. Un topónimo único e documentado historicamente

O topónimo compostelán Almáciga é **único en Galicia**.

Atestámolo polo menos desde a primeira metade do século XVI, máis frecuentemente como **Almáçega** (por primeira vez no ano 1541, nun documento sen dixitalizar do Arquivo da Catedral de Santiago) e tamén coas grafías Almázega e Almásega, en relación cunha torre (que se dize d'Almázega, ano 1565, torre que se dize d'Almáçega, ano 1571, Arquivo da Catedral de Santiago).


Non poderemos ter certeza da etimoloxía deste nome de lugar sen documentación máis antiga. Cremos, non obstante, que temos que descartar que proveña da forma castelá, almáciga, correspondente ó substantivo común galego almécega ou almáçega, 'resina aromática que se extrae do arbusto chamado lentisco'; esta palabra provén, en última instancia do grego mastikhe 'goma de mascar' a través do árabe hispánico al mashtaka, palabra que é difícil xustificar como topónimo.



Máis probable é que proceda de almácega, 'tanque para recibir a auga de chuvia; **depósito de auga**', voz rexistrada na actualidade nos dicionarios de portugués e que se considera proveniente do castelán almáciga, '**pebideiro, sementeiro**; lugar onde se sementan e cultivan os vexetais que logo se transplantan'. Esta palabra provén do árabe hispánico almásqa, e este do árabe clásico masqāh, 'depósito de auga', o que, por significado, cadra ben co topónimo picheleiro, pois aínda na actualidade hai alí un depósito de auga municipal.

### 3.2. Un territorio de Montouriz e a memoria da cidade

A zona recibiu total ou parcialmente tamén o nome de **Montouriz**, como se infire do rexesto dun documento de 1562 relativo á “presentación por Constanza Pajarina como sucesora en los foros de un agro en la Almáciga y por otro nombre Montouriz y dos casas en la Porta do Camiño” ou como se afirma nunha publicación do século XIX que recolle un documento de 1640 que cita o “agro de Monte Ouriz que por otro nombre llaman de la Almácega”. A torre de Montouriz, que puidera ser a mesma que a da Almáciga, cítase ademais en varios documentos do século XVII do arquivo da catedral de Santiago: “un agro sito junto a la torre de Montouriz”, ano 1612; “tres agros qu’ están juntos y pegados a la torre de Montouriz”, ano 1612. Noutros casos Montouriz parece ser un territorio máis amplo onde está a Almáciga, aínda que logo esta asumiu o nome do monte: “agro que está abaxo de la torre da Almásega de Montourís”, ano 1563.



San Pedro de Sarandon, Trobe, Villanueva y Illobre. El otro medio sitio que llaman del Horno arriba del Chafariz de la Fuente Secue-  
o; el agro de Monte Ouriz que por otro nom-  
bre llaman de la Almácega, de quince ferra-  
dos de centeno de sembradura. Una casa en  
la *Via-Sacra* en que vive el regidor Martin  
Moreno y D. Juan Moreno canónigo de la Santa  
Iglesia, con la obligacion de pagar anualmen-  
te al monasterio de San Martín 20 reales de  
plata.

Con todo, A Almáciga, mencionada coa denominación de monte (antes sempre figura como torre ou agro), só a atestamos desde máis ou menos Da metade do século XVIII (ano 1745).

Parece probable que Montouriz fose o nome primixenio do monte, ou polo menos atéstase un século antes, en 1417, en que segundo o Libro do Concello de Santiago (1416-1422) se manda facer alí un rolo ou picota, 'columna ou forca de pedra onde se expoñían os reos á vergoña pública para que servisen de escarmento, así como as cabezas dos que xa foran axustizados': "enno lugar que disen Montooris hũu rollo segundo que estava ennas outras çidades do regno". Este topónimo Montouriz parece hoxe desaparecido, aínda que se menciona como agro nunha acta do concello de 1752 ("averiguación de propios de la falda del monte de la Almáciga, desde la Angustia hasta el agro de Montouriz" e tamén se sinala como nome do monte (Monte Ouriz) nunha noticia da prensa de 1920 ("...monte que hay encima de la huerta del actual mesón dos Concheiros. Aún hoy en este monte Ouriz señalan los vecinos cierto lugar de la cumbre con el nombre "a Forca", y al monte se le llama aún "das Forcas") e nun plano de Santiago publicado tamén na prensa en 1932 (Biblioteca Galiciana). Montouriz parece estar composto polas palabras monte (lat. MONTEM) e Ouriz, resultado de AUDERICI, xenitivo do nome de orixe latina Audericus.

### **3.3. A importancia da preservación dos topónimos menores**

Os estudos en xeografía cultural (Tuan, 1974; Mariño Paz, 1998) subliñan que os topónimos menores sofren risco de desaparición polo abandono rural, a transformación urbana e a substitución simbólica por nomes oficiais non vinculados ao territorio.

Recuperar e visibilizar a Almaciga significa:

- Defender o patrimonio lingüístico e cultural de Galicia.
- Contribuír á preservación dun nome único.
- Ensinar ao alumnado a importancia da identidade territorial.
- Construír memoria colectiva e sentido de pertenza.



## 4. Significado social, cultural e comunitario da denominación CEIP da Almáciga

A Almáciga representa un espazo profundamente ligado á memoria da clase traballadora compostelá, construído pola súa propia veciñanza e frecuentemente invisibilizado dentro das narrativas oficiais da cidade.

Adoptar esta denominación supón:

- **Dignificar o barrio**, a súa historia e a súa contribución á cidade.
- **Recuperar un espazo simbólico** asociado á vida popular compostelá.
- **Combater estigmas sociais** e construír **identidade positiva**.
- **Fortalecer vínculos afectivos entre escola e territorio**.

Un centro educativo situado fisicamente no corazón do barrio debe reivindicar a súa pertenza simbólica ao mesmo.

## 5. Valor educativo e pedagógico do nome proposto

O nome **CEIP da Almáciga** permite desenvolver liñas de traballo pedagógico innovadoras e interdisciplinares:

- Historia local e patrimonio material e inmaterial.
- Lingua galega e toponimia.
- Xeografía humana e participación cidadá.
- Identidade cultural e investigación escolar.
- Proxectos de memoria oral e investigación sociolóxica.

Isto permite:

- Traballar conceptos curriculares desde o territorio inmediato.
- Enriquecer metodoloxías activas.
- Fomentar aprendizaxes significativas e contextualizadas.
- Educar nun sentimento activo de pertenza.

## 6. Análise comparativa: motivos para modificar a denominación actual

- Santiago conta cunha elevada concentración de referencias institucionais ao Apóstolo Santiago (27 segundo datos municipais), o que provoca unha clara **saturación simbólica**.
- A denominación actual non ofrece elementos diferenciadores.
- O cambio permite posicionar o centro como referente identitario.

A proposta **CEIP da Almáciga** é única, arraigada, significativa e pedagoxicamente fértil.





**ASOCIACIÓN  
DE NAIS E PAIS  
DE ALUMNXS**

**C.E.I.P Apóstolo Santiago**

[anpa.apostolo@gmail.com](mailto:anpa.apostolo@gmail.com) | [@anpa\\_apostolosantiago](https://www.instagram.com/anpa_apostolosantiago)